

ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DE DMD GALICIA

En Santiago de Compostela, na Facultade de Filosofía da USC, ás 17 horas do xoves 17 de marzo de 2022, celébrase Asemblea anual ordinaria de DMD Galicia coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas da Asemblea Xeral Ordinaria e da Asemblea Xeral Extraordinaria de 17-4-21.
2. Presentación e aprobación, se procede, da Memoria de actividade de 2021.
3. Informacións e proxectos de actividade para o ano en curso.
4. Suxestións e preguntas.

Queda validamente constituída a Asemblea en segunda convocatoria, ás 17 horas, coa presenza dos socios e socias que se relacionan:

Miguel Anxo García Álvarez, Isabel Blanco Domínguez (Maruchi), Ascensión Cambrón Infante (Chon), Xulia Novales Ordax, María das Neves Núñez Delgado, Laura Fernández Abalde, Lucía Calvo Martínez, Pepe Loureiro Fernández, Josefina Feal Regueiro, Antón Ocampo Cardalda, Juan Manuel Santos Piñeiro, Isabel García Nogales, Aranzazu Varona Orive e Rafael Martínez de Castro.

En primeiro lugar, preséntase o socio Rafael Martínez de Castro para dar a coñecer unha proposta de curso de verán que está a organizar na USC, a celebrar na primeira semana de xullo. O obxecto do curso será reflexionar sobre a eutanasia unha vez aprobada a lei, cun enfoque filosófico, é dicir, non clínico nen xurídico. Pensar a morte voluntaria, formularse preguntas, reflexionar sobre a decisión da morte. A duración será de 3 xornadas e media. Está pendente do visto bo da USC. Rafael escusa a súa presenza para o que resta de Asemblea.

1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas da Asemblea Xeral Ordinaria e da Asemblea Xeral Extraordinaria de 17-4-21.

As actas foron recibidas con anterioridade por todas as persoas socias, así que non son lidas por acordo da Asemblea. Apróbanse as actas por unanimidade.

2. Presentación e aprobación, se procede, da Memoria de actividade de 2021.

A Memoria foi recibida con anterioridade por todas as persoas socias, así que se procede, por acordo, á lectura parcial da mesma, de todo o que se refire ao concreto desenvolvemento do plan estratéxico xeral da DMD na nosa comunidade. Apróbase a Memoria de 2021 por unanimidade.

3. Informacións e proxectos de actividade para o ano en curso.

O presidente, Miguel Anxo García, destaca que estamos ante unha nova etapa na andaina da DMD, coa Lei de Eutanasia dando os seus primeiros pasos, na que deberemos afondar na reflexión da morte voluntaria, ademais de definir a actividade neste novo escenario.

Esta actividade dalgún xeito xa vai vir marcada pola propia actuación da Administración na aplicación da Lei ou na aplicación incorrecta ou indebida da mesma, algo previsible e que xa está a suceder de feito segundo nos consta, o cal fai case inevitable a confrontación coa Xunta. Refire brevemente en que consiste a resistencia e desidia que estamos a observar na actuación da Xunta de Galicia e cales son as razóns para elo. A Consellería deberá fornecer a información anual do que foi a aplicación da Lei e nese momento veremos que é o que presenta á sociedade. Entre outras cousas, din que o Documento de Instrucións Previas vai ser modificado para incluír a eutanasia pero aínda non o teñen feito.

En canto ao traballo da DMD para este ano en curso destaca a importancia de incidir na tarefa de sensibilización social mediante distintos recursos:

- O desenvolvemento dun amplo programa de charlas para difundir a LORE (coa implicación que supón para dar a coñecer á DMD ao mesmo tempo).
- O curso de verán, co respaldo da DMD federal cubrindo os custos do mesmo
- A presenza social da DMD a través dos medios de comunicación.
- A intensificación da relación con outras instancias ou organizacións sociais (que nos procurará, ademais, unha difusión moi importante).
- A preparación do Día da Morte Digna en Galicia, o 12 de xaneiro, que deberá constituír unha oportunidade máis para esa sensibilización.

Co traballo e as accións continuas ao longo de todo o ano intentaremos, xa chegado o último trimestre, unha declaración institucional como colofón de todo ese facer.

Continuaremos como apoio e referencia e, se é o caso, denuncia pública en todas aquelas situacións que o requiran.

Continuaremos a construción da nosa asociación, procurando incrementar a afiliación.

Avanzaremos para procurar unha comunicación entre a Xunta Directiva e as persoas asociadas. Pensamos na posibilidade dun boletín informativo para dar conta de xeito regular do que vai sendo o noso traballo.

Aplicaremos en Galicia o plan estratéxico xeral da DMD para o período 2022-2026, que se tratará nunha xuntanza en Madrid á que acudiremos, xunto co resto das comunidades autónomas, o vindeiro fin de semana. Remata Miguel Anxo dando lectura á orde do día do que vai ser esa xornada en Madrid na que se tratará o plan estratéxico 2022-2026:

1. Acción política:

- a. Desenvolvemento da LORE
- b. Testamento vital
- c. Dispoñibilidade da propia vida
- d. Observatorios da morte digna

2. Atención personalizada (eutanasia, TV, morte voluntaria)

3. Comunicación:

- a. Revista, boletíns, web, materiais impresos, dixitais e audiovisuais
- b. Redes sociais
- c. Medios de comunicación tradicionais e dixitais

4. Plan de expansión:

- a. Máis persoas asociadas, máis conectadas, e máis militantes.
- b. Modelo de grupos locais, descentralizado

Na rolda de comentarios, intervén Lucía Calvo para sinalar a importancia do activismo para ter máis forza social. Somos poucas as persoas socias que o practicamos. Tamén indica que debemos facer moita labor didáctica, pois observa nas charlas que existe moita confusión en cuestións básicas, como por exemplo a diferenza entre o testamento vital e a eutanasia.

Intervén Ascensión Cambrón (Chon), que destaca tres eixos, ao seu criterio esenciais, nese plan que nos temos proposto:

- A axuda ás persoas que recorren a nós. Debemos estar ben preparadas para atender axeitadamente a súa demanda, pois son situacións moi delicadas e moi importantes para as persoas, que comportan unha gran carga de sufrimento.
- A importancia da incidencia institucional para que se coñeza cales son os obxectivos da asociación. Debemos presionar aos concellos, á FEMP (Federación Española de Municipios e Provincias) e aos partidos políticos para que esixan á Consellería de Sanidade a creación dun Observatorio da Morte Digna que informe de cal foi a actuación da Administración en relación á eutanasia.
- O contacto coa xente de a pé: asociacións de veciños, asociacións de doentes. Facer talleres a estes niveis é un bo recurso para nos procurar unha infraestrutura propia para atender as demandas. É un bo canle tamén para aumentar o número de socios e socias.

Intervén Isabel Blanco (Maruchi) para abondar no diagnóstico de Lucía Calvo en canto a esa confusión en conceptos básicos, que enturba a comprensión de todo o demais. Comenta así mesmo que a Lei de 2015 (Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais) non se está a aplicar como é debido.

Intervén Laura Fernández para propoñer alterar a orde das charlas, en liña cos comentarios de Lucía Calvo e Isabel Blanco. En lugar de iniciar as charlas falando da eutanasia para continuar co testamento vital, é máis lóxico facelo ao revés, é dicir, comenza coa exposición do testamento vital, na cal xa se abordan aspectos da Lei 5/2015 de dereitos das persoas enfermas terminais, que é importante comentar. Tómase nota da proposta de Laura para vindeiras charlas.

Intervén Ascensión Cambrón para comentar que o paciente de A Coruña que solicitou a eutanasia ten o seu testamento vital presentado dende o 2018. O persoal médico que o atendeu non se molestou en miralo ata que o paciente solicitou a eutanasia.

4. Suxestións e preguntas.

Intervén Isabel Blanco en demanda de formación para as persoas da DMD que se encargan da atención personalizada. Non é doado e implica moita formación, que non temos. Ademais, considera que debemos ir sempre dúas persoas para atender a pacientes que solicitan da nosa intervención. Tómase nota da súa solicitude.

Intervén Isabel García para preguntar sobre a consideración de DMD Galicia como entidade de utilidade pública, o cal permitiría deducir as cotas na declaración da renda. Miguel Anxo García explica que a resolución do Tribunal Supremo en resposta á demanda de Abogados Cristianos considerando a DMD entidade de utilidade pública só afecta á asociación de Madrid, a quen lle foi interposta a demanda. Non é extensible, pois, ás asociacións que se teñan rexistrado como tales noutras comunidades autónomas.

Seguindo co anterior, Miguel Anxo pensa que este non é o momento para solicitar ese recoñecemento para o caso de DMD Galicia, pero non debemos perder de vista que é algo a reivindicar no momento en que nos interese facelo.

Sen máis asuntos que tratar, rematamos a Asemblea ás 18.30 horas

A secretaria, Xulia Novales

O presidente, Miguel Anxo García